

## INSTRUCCIÓNS DA VICERREITORÍA DE ORGANIZACIÓN ACADÉMICA E TITULACIÓNS RELATIVAS A CONDIÇÕES DE PERMANENCIA DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA PARA O ALUMNADO DE TÍTULOS DE MESTRADO UNIVERSITARIO

O alumnado de Mestrado Universitario na Universidade da Coruña (UDC) débese rexer polas seguintes condicións que aparecen en diferentes documentos aprobados polo Consello de Goberno da UDC; tales condicións estarán vixentes en canto o Consello de Goberno e/ou o Consello Social non aprobe outras, en concreto son de aplicación os artigos 13 e 17 do Regulamento de Estudos Oficiais de Posgrao [http://www.udc.es/sobreUDC/documentos/documentacion\\_xeral/normativa\\_academica/regulamento\\_estudos\\_posgrao\\_oficiais.html](http://www.udc.es/sobreUDC/documentos/documentacion_xeral/normativa_academica/regulamento_estudos_posgrao_oficiais.html), o artigo 23.2 e o artigo 29 da Normativa de Xestión Académica (normativa que se actualiza cada curso) <http://www.udc.es/sape/otrosservicios/otrosservicios.pdf/arquivo5493-1.pdf>,

### I. Matrícula e avaliación

#### Artigo 13. **Matrícula en inicio e continuación de estudos dos mestrados**

*Os estudantes admitidos segundo o artigo 5<sup>1</sup> matricularanse por vez primeira da totalidade dos créditos que figuren na programación do primeiro curso da titulación de posgrao, ou nos módulos en que foren admitidos.*

*Cada programa poderá establecer unha ordenación temporal dos módulos que deben superar en cada curso, así como os contidos, os módulos ou as materias que deben ser superados nun determinado curso académico.*

*Os créditos pendentes deberán ser obxecto de matrícula xunto coa programación do curso seguinte e poderán ser superados nunha convocatoria específica. Con independencia da realización das actividades necesarias para a superación de tales créditos, a súa anotación no expediente do alumno coincidirá coas datas das convocatorias ordinarias ou extraordinarias dos estudos de primeiro e de segundo ciclo ou de grao. A matrícula dos créditos non superados non dará dereito á modificación da programación do mestrado.*

*A matrícula dos créditos cualificados como suspensos non dará dereito á modificación da programación do mestrado.*

*Será impedimento de matrícula durante dous anos a non superación de ningún crédito dese programa. Transcorrido este período, o alumnado deberá someterse a un novo proceso de admisión no programa.*

#### Artigo 17. **Réxime de avaliación**

*Os estudantes terán dereito a unha avaliación anual para determinar as competencias e habilidades adquiridas, conforme o sistema que se estableza na guía docente.*

*O sistema de avaliación poderá ser por módulos ou por materias, dependendo da*

---

<sup>1</sup> Artigo 5. **Límite de prazas**

*A aprobación dos programas de posgrao implicará a determinación inicial do límite de prazas para as titulacións do programa. Anualmente, as persoas responsables dos programas proporán o mantemento ou a modificación do límite de prazas, que será aprobado polo Consello de Goberno.*

*Enténdese que o límite de prazas se refire á preinscrición no curso completo. O centro responsable pode aprobar, ademais, a inscrición de alumnos por módulos ou materias segundo as súas disponibilidades, co obxectivo de favorecer a formación continua. Para estes efectos, na elaboración anual do POD, establecerase o límite máximo de admisión en cada materia, que nunca poderá ser inferior ao do mestrado no seu conxunto.*

*No caso de titulacións interuniversitarias especificarase a totalidade das prazas do programa e, de ser o caso, as que corresponden a cada universidade.*

organización do programa segundo o que está establecido no artigo 2<sup>2</sup>.

A avaliación concedida poderá ser revisada segundo a normativa vixente na universidade.

As materias cursadas por segunda vez, de conformidade co que está disposto no artigo 11<sup>3</sup>, serán avaliadas cos sistemas xerais ou específicos que se determinen na guía docente.

O control presencial poderá formar parte do sistema de avaliación e a programación docente poderá esixir que, para superar determinadas materias, deba acreditarse a asistencia cando menos ao 80 % das actividades presenciais programadas. Para estes efectos establecerase un sistema de control presencial obxectivo.

## II. Dedicación do alumnado

Debido á natureza dos estudos de Mestrado Universitario, a definición de estudantes a tempo completo e a tempo parcial é diferente á que se establece nos estudos de grao. Para estes efectos deberase ter en conta o que establece a Normativa de Xestión Académica da UDC en particular no seu artigo 23.2 (apartados a y c) e no artigo 29, polo cal o alumno pode matricularse en módulos ou en materias soltas.

### Artigo 23.2. Titulacións de grao e mestrado

- a) *A formalización da matrícula nas titulacións de grao e mestrado dará dereito a unha única convocatoria, se ben se realizarán dúas oportunidades de avaliación, unha ao remate de cada cuadrimestre, para as materias cuadrimestrais e ao remate do segundo cuadrimestre tamén para as materias anuais e outra no mes de xullo, conforme ao calendario académico que se aprobe, de acordo co que está disposto nas Instrucións da Vicerreitoría de Organización Académica e Titulacións do 25 de febreiro de 2010, polas que se efectúan modificacións e aclaracións ás instrucións do 30 de marzo de 2009, sobre as probas de avaliación e actas de cualificación dos estudos de grao e mestrado.*
- b) *O número máximo de convocatorias de que dispón un alumno para superar unha materia dunha titulación de mestrado é de tres.*

---

### <sup>2</sup> Artigo 2. Composición dos plans de estudos dos mestrados e doutoramento

#### 1. Mestrado

Os plans de estudos de mestrado estarán compostos por:

- *Módulos. Defínense como o conxunto de materias relacionadas entre si e poderán estar constituídos por materias obrigatorias e/ou materias optativas.*
- *Materias. Son os contidos correspondentes a disciplinas e actividades formativas que poden ter carácter presencial ou semipresencial.*

*Estes programas poderán prever a existencia de especialidades en función dos módulos ou das materias cursadas polo alumnado.*

*A organización dos mestrados será fundamentalmente modular e poderá tamén organizarse por materias. Para cada módulo ou, de ser o caso, materia establecerase unha guía docente cos obxectivos, as competencias e as habilidades que se terán que adquirir para superar o módulo ou a materia.*

*O número mínimo de alumnos que deberá matricularse nunha materia para poder impartirse non poderá ser inferior a catro.*

*Para o cómputo dos créditos dos programas conducentes ao título oficial de mestrado aplicarase a unidade de crédito ECTS regulada no Real decreto 1125/2003, do 5 de setembro. O número mínimo de horas por crédito será de 25 e o número máximo será de 30 horas. Tenderase a estimar en 25 horas o traballo do alumno por cada crédito ECTS.*

*Todas as materias conducentes a un título de mestrado deberán ter o mesmo valor en horas de traballo do alumno por cada crédito, incluídas as prácticas en empresas.*

### <sup>3</sup> Artigo 11. Admisión

*A admisión do alumnado no mestrado oficial realizarase conforme aos procedementos e aos criterios establecidos neste regulamento seguindo os principios de obxectividade, imparcialidade, mérito e capacidade.*

*O calendario de preinscrición e matrícula será aprobado polo Consello de Goberno por proposta da Comisión de Posgrao.*

*Os/as estudantes poderán acceder a calquera mestrado oficial relacionado ou non cientificamente co seu currículo universitario, conforme aos requisitos de admisión específicos establecidos no título de mestrado e aos criterios de valoración dos méritos que, de ser o caso, establece a Universidade.*

*Tamén poderá acceder a estudos de mestrado oficial o alumnado que cursase estudos no estranxeiro cando se lle recoñeza a equivalencia ou a homologación dos seus estudos.*

*Os estudantes que pretendan cambiar de programa deberán someterse a un novo proceso de selección.*

### Artigo 29. **Solicitud de praza**

29.1 *Os estudantes poderán presentar a súa solicitude de admisión no curso completo ou en materias ou módulos específicos, nas administracións dos centros responsables dos mestrados ou a través de internet. Para o curso 2010/2011 esta última modalidade só poderá utilizarse no caso de solicitude de admisión en curso completo.*

*Calquera que sexa a modalidade de admisión elixida polo alumno, dará dereito a que as cualificacións obtidas consten nas actas oficiais.*

Polo anterior queda establecido:

- **Matrícula a tempo parcial en mestrado universitario:** desde unha materia até menos de 60 ECTS
- **Matrícula a tempo total en mestrado universitario:** 60 ECTS ou máis

### III. **Permanencia e discapacidade**

Para os efectos recollidos no *Art. 12 sobre efectividade dos dereitos recollidos nos artigos 7 ao 11 do Estatuto do estudante universitario* (RD 1791/2010, de 30 de decembro) no seu apartado b) referido aos recursos e adaptacións necesarias para que os estudantes con discapacidade os poidan exercer en igualdade de condicións que o resto de estudantes sen que isto supoña diminución do nivel académico esixido<sup>4</sup>, e, igualmente, ao previsto no *Art. 15 sobre Acceso e admisión de estudantes con discapacidade*, a UDC promoverá a efectiva adecuación das condicións de permanencia recollidas nestas Instrucións ás necesidades dos estudantes con discapacidade mediante a valoración de cada caso concreto e a adopción das medidas específicas adecuadas.

Con esta finalidade a Unidade Universitaria de Atención á Diversidade (ADI), <http://www.udc.es/cufie/uadi/>, prestará a colaboración necesaria á Comisión Académica do Mestrado para valorar cada situación e adoptar, no seu caso, as medidas que resultaren pertinentes<sup>5</sup>.

Estas instrucións serán de aplicación para os títulos de mestrado en calquera das modalidades: presencial ou semipresencial, neste último caso deberá incluírse na memoria do título o procedemento utilizado para o seguimento das actividades e asistencia do alumnado así como aqueles medios técnicos de que se dispón.

A Coruña, 09 de xuño de 2011

---

<sup>4</sup> Artigos 3.4, 14.6 e 34 do Estatuto do Estudantado da UDC (aprobado polo Claustro Universitario o 29/5/2007).

<sup>5</sup> Artigo 21 do Estatuto do Estudantado da UDC (aprobado polo Claustro Universitario o 29/5/2007).